



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ourense – Grupo de Arborado Urbano

Apartado de Correos nº 212; 32080 OURENSE

http://www.sghn.org e-mail: ourense@sghn.org

**Sr. Alcalde
Concello de Ourense**

ASUNTO: XESTIÓN DO ARBORADO URBANO NA CIDADE DE OURENSE

Víctor Javier Pérez Baltar, maior de idade, con NIF 32635851R, e domicilio a efectos de notificacións en: SGHN-Ourense, Apartado de correos nº 212, 32080 Ourense, actuando como vogal da Delegación en Ourense da Sociedade Galega de Historia Natural, Grupo de Arborado Urbano.

EXPÓN:

Dende hai máis de 30 anos, SGHN ven expresado a súa preocupación pola xestión do arborado urbano, e como mínimo en tres ocasións (21/02/1986, 06/04/2011 e 05/02/2015) en senllos escritos ao Concello advertíuselle de que as podas drásticas periódicas ían supór o debilitamento estrutural das árbores, o que finalmente incrementaría a inseguridade do arborado cós riscos que representa para as persoas e os bens. Nesas comunicacións mesmo informábase aos responsables do Concello da existencia de bibliografía específica sobre este tema e, entre outras, pola súa calidade técnica e científica recomendouse consultar a publicación: Allen, K. (1986) Poda de árbores ornamentales. Real Jardín Botánico. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Madrid.

Nestas últimas datas e trala caída dunha grande árbore na praza de San Marcial, comprobamos que o Concello reconece por fin que o problema reside nas podas severas realizadas ao longo da vida das árbores, de acordo ao exposto na súa páxina electrónica, en base a informes elaborados pola empresa concesionaria do mantemento das zonas verdes. Como consecuencia realizáronse diversas actuacións sobre o arborado tanto na mencionada praza de San Marcial como na de Bispo Cesáreo (onde hai árbores mortas dende 2014).

Considerando que é preciso un cambio radical na xestión do arborado e que a empresa adxudicataria ten entre as súas obrigacións realizar un informe sobre o seu estado na cidade e as medidas para o seu tratamento, SGHN

SOLICITA:

- Que o dito informe, elaborado por técnicos cualificados, inclúa:
 - A cuantificación do INDICE DE RISCO REAL, xa que existen os coñecementos e as ferramentas para determinar o COEFICIENTE DE SEGURIDADE de cada árbore (Cítanse como exemplo os máis utilizados: Método VTA de Mattheck, de 1990, o Método SIA de Wessolly & Erb de 1998 ou o máis actual de Peter Sterken de 2005),
 - A redacción dun plan de seguimento do estado das árbores detalladas por zonas e especies, facéndoo público que permita elaborar un programa de intervención continuada razoado e anual que garanta a pervivencia e a función do arborado para así cumprir cós parámetros de seguridade das persoas e dos espazos urbanos.
- Que, previo a acometer calquera actuación, o informe completo do estado e tratamento do arborado, detallado por zonas e especies, se faga público a fin de que as persoas interesadas podan facer as aportacións que consideren.
- Que se afronte a reposición das árbores eliminadas empregando criterios técnicos e racionais para a selección das especies máis axeitadas a cada espazo.
- Que, de xeito puntual e en aras a un exercicio de transparencia, nos facilite o informe técnico específico que soportou a recente actuación levada a cabo na praza de San Marcial.

Ourense a 6 de setembro de 2017

CONCELLO OURENSE

Data Rexistro: 07/09/2017 10:25:21

Nº Rexistro: 2017043791



ENTRADA